

ORDENANZA Nº 42

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS, ALUGUER DE INSTALACIÓNS PARA ESTES E PARTICIPACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS

ARTIGO 1.- CONCEPTO.

Serán obxecto destes prezos públicos os espectáculos organizados polo Concello, aluguer do Auditorio Municipal e outros servizos ou programas de carácter voluntario.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Serán obrigados ao pagamento destes prezos públicos os asistentes aos espectáculos, arrendatarios e ou usuarios dos servizos e programas a que se refire o artigo 1.

ARTIGO 3.- CONTÍA.

As tarifas destes prezos serán as seguintes:

1. Entradas a espectáculos..... Mínimo 5 €

Se o custo de organización do espectáculo fose extraordinario, poderán incrementarse as tarifas relacionadas anteriormente en contía que non supere o custo calculado en base á ocupación total das localidades, previa presentación da correspondente xustificación de gastos na Intervención Xeral e posterior aprobación da Xunta de Goberno.

Se polo servizo xestor se argumentara que o espectáculo programado ten marcado interese social por contribuír ao obxectivo de acceso á cultura, seren espectáculos infantís, de danza ou masas corais e outros con destino a público familiar, poderá reducirse o importe xeral de 5€ ata 0, sendo asumido todo o custe deste espectáculo con cargo ao orzamento municipal, todo o anterior de conformidade co artigo 44.2 do TRLRFL.

De existiren ciclos de programación homoxéneos, poderán establecerse abonos para cada un deles, por importe total dos prezos anteriores reducidos nun máximo do 30%. Existirán localidades con redución do trinta por cento para menores de vinte e cinco anos. As dúas reducións anteriores serán incompatibles.

2. Actividades complementarias ás visitas a Vigo-Zoo:

Para determinar o importe do custe unitario destas actividades, dividirase o custe total do programa ou actividade entre o número de prazas. Este informe económico farase constar no expediente de aprobación do citado programa ou actividade.

3. Aluguer do Auditorio Municipal:

3.1. Tarifa xeral de utilización de dependencias.

- Auditorio:

a) Tarifa mínima, ata media xornada (4 horas)	320 €
b) Por cada xornada completa.	600 €

- Vestíbulo:

a) Tarifa mínima, ata media xornada (4horas)	150 €
b) Por cada xornada completa.	250 €

3.2 Tarifa por montaxe e desmontaxe:

a) Tarifa mínima, ata media xornada (4 horas)	200 €
b) Por cada xornada completa.	575 €

4. Igualmente, teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar.

A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas taxas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria, segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa.

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO.

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta Ordenanza no momento de retirar os tickets de entrada aos espectáculos, no

momento de solicitar os servizos voluntarios de VigoZoo, ou no momento de solicitar o aluguer do Auditorio.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.:	30 DE DECEMBRO DE 1991
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	7 DE DECEMBRO DE 2017
	4 DE DECEMBRO DE 2023

